

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR (FBGS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS, RÍO HORTEGA E INTENSIFICACIÓN CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALICIA SUR (IISGS), A TRAVÉS DA FBGS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2022.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación Biomédica Galicia Sur, formalizaron o 13 de febreiro de 2023 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a formalización dos contratos Río Hortega e Intensificación concedidos ao IISGS a través da FBGS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, do Programa Estatal de Investigación orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, na súa resolución de data 7 de febreiro de 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Instituto de Salud Carlos III ditou en data 7 de febreiro de 2022 Resolución da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2022, na modalidade Río Hortega cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co SNS, con actividade asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán con actividade asistencial correspondente a súa especialidade, formalizáronse dúas solicitudes para a cobertura doutros tantos postos.

En data 14 de decembro de 2022 ditouse Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédense as axudas solicitadas, para a contratación dos candidatos propostos.

En virtude do artigo 3.1.b) da citada convocatoria, que establece: "*(...) en los contratos Río Hortega únicamente podrán participar las entidades sanitarias públicas, contempladas en el artículo 4.1. b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial*", é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Vigo) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados.

Ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2022, na modalidade contrato Intensificación da actividade investigadora, cuxo obxecto é a contratación en centros de titularidade pública de persoas facultativas especialistas, diplomadas universitarias ou graduadas en Enfermaría, Odontoloxía ou en Fisioterapia, para realizar parte da actividade clínico-asistencial de profesionais que ao mesmo tempo desenvolvan actividades de investigación, formalizáronse dúas solicitudes para outros tantos candidatos.

En data 7 de decembro de 2022 ditouse Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédense as axudas solicitadas, para a contratación dos candidatos propostos.

En virtude do artigo 3.1.d) da citada convocatoria, que establece: "(...) en los contratos de Intensificación... podrán participar únicamente las entidades sanitarias de titularidad pública contempladas en el artículo 4.1.b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial", é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Vigo, e Hospital Universitario de Ourense) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados.

Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de apoio, asesoramento e xestión para os profesionais e investigadores nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, o que contribúe a mellorar a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento da súa colaboración para acadar un mellor nivel investigador, un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo.

